


Plan TIC

E de mellora da competencia dixital



CPI de San Sadurniño



Índice de contidos

Contexto e consideracións xerais.....	4
Características socio-económicas e culturais do alumnado e as familias.....	4
Contexto global das TIC.....	4
Traxectoria do centro no uso das TIC.....	5
Nivel de competencia e grao de implicación no uso das TIC do profesorado.....	7
Recursos materiais e infraestruturas.....	8
Aulas de informática.....	9
Aulas de grupo ou clase.....	9
Outras aulas e espazos.....	9
Administración e servizos reprográficos.....	9
Outros equipamentos.....	9
Infraestruturas.....	10
Obxectivos xerais.....	10
Obxectivos de cara ao centro.....	10
Obxectivos de cara ao alumnado.....	11
Obxectivos de cara ao profesorado.....	11
Obxectivos de cara á comunidade escolar e as familias.....	11
Propostas de mellora xerais.....	12
Mellora da competencia TIC do alumnado.....	13
Sesión TIC de tutoría ao inicio de curso.....	13
Obradoiros TIC iniciais para o profesorado.....	14
Manexo de arquivos e cartafóles.....	15
Creación de documentos e tratamento da información.....	15
Traballo e aplicacións en rede.....	15
Multimedia: (Imaxe, son, vídeo).....	16
Uso seguro e responsable das TIC.....	16
Avaliación e revisión do plan.....	16
Integración curricular e achegas de infantil.....	17
Integración curricular e achegas de primaria.....	18
Achegas dos departamentos de secundaria.....	45
Bioloxía e Xeoloxía.....	45
Educación Física.....	47
Educación Plástica Visual e Audiovisual.....	54
Física e Química.....	57
Latín.....	60
Lingua castelá e literatura.....	61
Lingua francesa.....	64
Lingua galega e literatura.....	67
Lingua inglesa.....	74

Matemáticas.....	76
Música.....	81
Oratoria.....	83
Relixión Católica.....	84
Tecnoloxía.....	85
Xeografía e Historia.....	88

Contexto e consideracións xerais

Na sociedade actual as TIC están a ter cada vez máis presenza nos fogares, no lugar de traballo, nos espazos de lecer e, en xeral, en moitas actividades cotiáns. O ensino non é alleo a esta realidade e ven de integrar no deseño curricular a *competencia dixital* e diversas materias que tratan de promover e educar ao alumnado no uso suficiente e responsable das novas tecnoloxías.

É necesario contemplar neste plan os diferentes aspectos e retos que as TIC supoñen para o centro educativo de cara a integralas no traballo na aula tendo en conta os medios necesarios e o grao de formación e competencia do profesorado e do alumnado. Desta situación inicial parten as propostas de actuación e integración das TIC que serán desenvoltas neste documento que trata de incorporar as suxestións e ideas debatidas no propio centro ao longo dos últimos anos.

Características socio-económicas e culturais do alumnado e as familias

O CPI San Sadurniño sitúase nunha zona de carácter rural de influencia urbana (pola proximidade dos núcleos de Ferrol e Narón). O alumnado pertence a un estrato social medio-baixo cun nivel de acceso a internet deficiente en moitos casos, sexa por baixa velocidade da conexión para algúns servizos de rede como pola dificultade de acceso ao mesmo en determinadas zonas do concello. A alta velocidade é inexistente no concello.

A proliferación de dispositivos móbiles é, nalgúns casos, a única forma de acceso a datos por parte do alumnado o que para determinadas tarefas é insuficiente. O uso do ordenador persoal nos fogares está a verse, na actualidade, reducido e relegado a tarefas puntuais e concretas de consulta e estudo. Para o lecer e entretemento está a ser desprazado en moitas ocasións polos dispositivos móbiles e outros dispositivos.

Como referentes TIC no concello están a aula CeMIT que realiza diversas actividades relacionadas coas TIC dirixidas a tódalas franxas de idade, facilita o acceso a internet na casa de cultura e mantén proxectos de grande interese como “Fálame de San Sadurniño” entre outros.

O noso centro é tamén un dos espazos de referencia para o alumnado, xa que polo nivel de equipamento e a calidade do acceso á rede é único no concello.

Contexto global das TIC

No momento actual a expansión, popularización e diversificación das TIC está a mudar os hábitos no seu uso e acadando espazos nos que tradicionalmente estaban ausentes. Por unha banda, o novo alumnado, nativo dixital, convive con consolas de xogos, dispositivos móbiles, SmartTV, e moitos outros dispositivos conectados e/ou informatizados.

O internet das cousas IDC (IoT en inglés) está a medrar e ter presenza en moitos dispositivos das nosas vidas. No robot de cortar a herba ou de limpar a casa, no coche, nos dispositivos de ocio e lecer, nos electrodomésticos, na domótica, etc. O deseño dos dispositivos móbiles e dos diferentes dispositivos conectados está pensado para que sexan de manexo doado e intuitivo. A

vantaxe de uso que supón esta circunstancia presenta certas limitacións ao agochar aspectos esenciais para un uso verdadeiramente competente, responsable e consciente das súas posibilidades de traballo e dos riscos que levan asociados. De feito, son moitos os casos de baixos niveis de seguridade na implantación tanto a nivel *hardware* como de *software* de todo tipo de dispositivos por parte dos fabricantes, máis pendentes da facilidade do manexo que de proporcionar niveis de seguridade aceptables.

Por outra banda o uso intuitivo dos mesmos non facilita e mesmo camufla aspectos esenciais para a comprensión e visualización do funcionamento real no manexo de conexións, documentos, intercambio de ficheiros e arquivos en rede, etc...

Esta situación está a provocar no novo alumnado, nativo dixital *alfabetizado* nos dispositivos móbiles, un uso cada vez máis ocasional da computadora que está a minguar a súa competencia en determinadas tarefas e aplicacións prácticas das TIC que son necesarias de cara á súa incorporación futura noutros estudos ou á vida laboral.

A gran pantalla do ordenador de escritorio, mesmo do portátil, está a quedar reservada para realizar traballos nos que se cumpren certos requisitos:

- Necesidade dun campo de visión amplo e teclado cómodo para certas tarefas.
- Potencia de procesado, potencia gráfica ou esixencias de memoria do sistema.
- Programas informáticos específicos ou especializados e/ou esixentes en recursos e potencia.
- Todas aquelas tarefas e aplicacións nas que non é suficiente o tipo de uso sinxelo e inmediato dos dispositivos móbiles.

Neste plan TIC realizamos as propostas de actuacións e actividades necesarias para garantir un adecuado nivel de competencia no manexo das novas tecnoloxías na comunidade educativa.

Traxectoria do centro no uso das TIC.

A aula de informática de secundaria, prevista para a materia de informática, foi inicialmente o referente no uso das TIC no noso centro. No resto de dependencias do centro o equipamento informático limitábase a uns poucos equipos portátiles, e a equipos comúns nas salas de profesorado, dirección e xefatura de estudos e á dotación necesaria na secretaría.

Co paso dos anos, sendo necesaria a ampliación da dotación material inicial desenvolvéronse diversas actuacións para melloralas sendo as máis salientables as seguintes:

- Solicitouse a doazón de equipos á empresa ASTANO que proporcionou 10 ordenadores.
- Empezouse a dotar de equipos unha aula de informática no edificio de primaria.
- Fixéronse actividades de formación formais e informais de cara a mellorar a competencia do profesorado en diferentes aspectos (manexo de programas informáticos,

internet e correo electrónico, creación de materiais educativos, aplicacións informáticas, etc).

- Púxose en marcha a páxina web do centro no servidor da xunta para dar a coñecer as actividades do mesmo e como canle de información coas familias e o alumnado.
- Fíxéronse actividades de formación do profesorado sobre o manexo da web do centro.
- No ano 2006 o centro presentou o *Proxecto para a incorporación das TIC no proceso educativo* que lle foi concedido e que permitiu mellorar a dotación de equipamentos e realizar diversas actuacións como a instalación dun servidor interno en rede e diversas actividades formativas entre outras.
- Coa finalidade de reutilizar equipos que empezaban a quedar obsoletos dotouse de 5 equipos á aula de EPVA de secundaria empregando un servidor de terminais lixeiras LTSP. Esta experiencia facilitou o aproveitamento dos equipos da aula de informática que empezaban a ter características insuficientes. A aula funcionou con este sistema durante varios anos .
- Incorporáronse progresivamente equipos informáticos para o profesorado e proxectores en tódalas aulas.
- Integrouse na páxina web do centro a aula virtual e fíxéronse actividades de formación no manexo da mesma.
- O centro adquire o dominio *cpisansadurnino.org* como base para dotar ás familias de contas de correo para o seu uso educativo por parte do alumnado. Tamén mantén un servidor asociado a este dominio coa finalidade de implantar determinados servizos. (Páxina para centralizar novas do centro e de distintos *blogs* do profesorado, recollida de datos da estación meteorolóxica, servidor de streaming para a radio escolar, xestión de libros de texto, recursos e *chuleta* TIC, etc).
- O centro empeza a usar unha solución de comunicación coas familias sobre plataforma web e móbil pasando, na actualidade, a empregar o ABALARMóbil.
- O centro incorpórase ao proxecto ABALAR, sendo dotado con portátiles de alumando en 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO. Fíxéronse actividades de formación de cara ao correcto manexo do equipamento e á súa integración nas actividades educativas.
- Incorpóranse ao centro novos equipos para a aula de informática e os *Kits Dixitais* para o resto das aulas.
- Instalouse o sistema Linux *Live ABALAR* na maior parte dos equipos de secundaria e do sistema *PicarOS* en primaria.
- O centro incorpórase ao proxecto EDIXGAL que facilita equipos portátiles e o libro dixital ao alumnado.

- Solicitouse e instalouse por parte dos servizos da consellería dunha conexión de 500 Mbps simétrica mediante radioenlace, o que permitiu mellorar moito o acceso a internet do centro.

Nivel de competencia e grao de implicación no uso das TIC do profesorado.

Tendo en conta a traxectoria do centro, boa parte do profesorado está a empregar diversos instrumentos e aplicacións TIC no seu traballo educativo cun nivel de competencia medio.

A páxina web do centro é frecuentemente actualizada con información escolar e sobre actividades de interese para a comunidade coas achegas de diferentes departamentos, biblioteca escolar, obradoiros, deportes, etc. O grao de actualización é bo, mais é necesaria unha maior implicación directa dos departamentos para axilizala.

A aula virtual e tamén bastante empregada por parte do profesorado como espazo para achegar contidos, materiais e actividades de traballo para o alumnado. Parte do profesorado elabora materiais propios para a aula virtual ou noutras plataformas para o uso directo na aula.

Os distintos departamentos teñen integrada a competencia dixital nas programacións anuais e están a incrementar o uso de aplicacións informáticas e de traballo na web e na rede.

Existen diversos *blogs* mantidos polo profesorado relacionados coas súas materias ou con actividades desenvolvidas no centro como a robótica, as bibliotecas, a meteoroloxía (MeteoSan-sa), o Proxecto Ríos, xogos tradicionais, proxecto LOVA (ópera), reciclaxe (E ti ¿sustentas?), entre outros...

O profesorado participa frecuentemente en actividades de formacións relacionadas coas TIC para actualizar as súas competencias. A implantación dos proxectos ABALAR e EDIXGAL comprometeu ademais ao centro e ao profesorado na participación de actividades de formación.

O uso do correo electrónico para diferentes comunicacións, convocatorias, titorías, etc está totalmente asumido e asentado no traballo diario do profesorado. As contas de correo que se proporcionan ás familias para o traballo escolar do alumnado son empregadas con certa frecuencia dependendo das necesidades de cada materia, con posibilidades de mellora no uso por parte do alumnado.

O profesorado usa tamén as aplicacións de xestión educativa e profesional proporcionadas pola Xunta.

É frecuente o uso de diferentes aplicacións, materiais e recursos web nas actividades educativas do centro. Dependendo das necesidades de cada caso, o profesorado emprega recursos multimedia, actividades, aplicacións e contidos en liña, etc.

En xeral, o grao de implicación do profesorado na integración das TIC no ensino é medio ou medio-alto, sen rexeitamento explícito das mesmas na maior parte do profesorado. Con todo, hai aspectos das novas tecnoloxías que poden ser cuestionados ou que necesitan unha mellor e máis adecuada implantación xeral para que sexan operativos e non supoñan máis carga de tra-

ballo ou mesmo dificulten a tarefa docente. Algúns elementos a considerar de forma positiva ou con necesidade de mellora son:

Aspectos positivos das TIC:

- Facilitan enormemente a comunicación e o intercambio de documentos.
- As novas tecnoloxías poden mellorar o traballo cooperativo e participativo.
- Poden aumentar a motivación, o interese e a participación do alumnado.
- Poden potenciar a aprendizaxe significativa, a iniciativa propia, a autonomía e a creatividade.
- Existen moitas aplicacións e recursos para empregar na aula.
- Facilita a procura e a elaboración de información, como apoio ao aprendizaxe.
- Permiten a consulta e o traballo con contidos e actividades dentro e fora da escola.
- O seu uso mellora progresivamente a competencia dixital do alumnado.

Elementos de mellora:

- Pode ser difícil controlar a actividade TIC de toda a clase en todo momento, en especial no relativo ao acceso a contidos pouco apropiados ou que non forman parte da actividade a realizar. Sería necesario ver as posibilidades e formar nas ferramentas de control de aula.
- Poden crear distraccións e dispersión na procura de información e contidos. En ocasións isto pode supoñer perdas de tempo efectivo de traballo na aula.
- A facilidade de acceso ás redes sociais pode crear situacións comprometidas coas tarefas a realizar, coa privacidade e mesmo problemas de acoso escolar.
- Poden atoparse fontes de información pouco fiables ou parciais cando non se ten en conta a cualidade contrastada das mesmas.
- No caso de problemas de conexión á rede ou de erros informáticos poden provocar cortes e interrupcións non desexadas que entorpezan o proceso de ensino e as tarefas na aula.

Recursos materiais e infraestruturas.

A dotación TIC xeral do centro na actualidade é boa con melloras posibles e pendentes. Contamos con equipos informáticos de profesorado, e proxector en tódalas aulas, moitas delas tamén con PDI. A dotación de despachos, secretaría, salas de profesores, departamentos e outras dependencias tamén é suficiente.

Todo o centro conta con conexión a internet de alta velocidade ben sexa de modo inalámbrico ou por cable. Está pendente a extensión da rede wifi mediante repetidores a todo o centro.

Aulas de informática.

No centro contamos con aulas de informática de primaria e de secundaria cun número operativo de 20 postos en primaria e 23 en secundaria. Son aulas de uso común con prioridade en secundaria para a materia de TIC e programación. En tódolos equipos está instalado algún sistema GNU-Linux, PicarOS en primaria e Live ABALAR en secundaria. Contan ademais con conexión a internet e proxector.

Aulas de grupo ou clase

Tódalas aulas teñen ordenador de profesor con conexión a internet, proxector e pantalla ou EDI estando algunhas cubertas polos *Kits Dixitais*. Nas aulas de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO o alumnado conta con ordenadores portátiles pertencentes ao programa EDIXGAL que lles permiten o acceso ao libro dixital.

Outras aulas e espazos.

Hai tamén dotación básica noutras aulas como laboratorio, bibliotecas, EPVA, tecnoloxía, música, apoios, PT, etc. Algunhas delas contan ademais con varios equipos pensados para pequenos grupos de traballo ou consulta como a Biblioteca de secundaria que conta con 10 equipos, EPVA con 4 e tecnoloxía con 8, esta última posiblemente necesitará máis equipos.

As salas de profesorado contan con 4 e 5 equipos para o traballo con conexión a internet e impresión en distintas impresoras e fotocopiadoras en rede.

Tamén hai equipos con internet e impresión en rede nos despachos de dirección, xefatura de estudos, orientación, e departamentos.

Administración e servizos reprográficos.

Na oficina de administración do centro contan con catro equipos informáticos, dous deles co sistema *Windows* con conexión a internet e con varias impresoras e fotocopiadoras en rede.

En canto a reprografía o centro conta cunha multicopista, e catro fotocopiadoras conectadas en rede, 2 en cada edificio. Tamén en rede temos unha pequena fotocopiadora en cada planta de secundaria.

Outros equipamentos

Existen no centro diversos equipamentos para a produción e reprodución multimedia como equipos de música, reprodutores de vídeo, dúas cámaras de fotos réflex e outras tantas compactas, mesa de mesturas de son en primaria e secundaria con micrófonos e soportes, gravadora de man, altosfalantes multimedia en moitas aulas e altosfalantes para espazos grandes.

Certos departamentos contan con algunha tableta dixital e con lectores de libros electrónicos para as bibliotecas. En infantil e primaria teñen sete *Tablets*.

Infraestruturas.

Todo o centro conta con conexión de rede cableada e con conexión inalámbrica especialmente adicada ás aulas EDIXGAL pendente de facer chegar a todo o centro.

No edificio de secundaria están os armarios principais de rede. Nun deles está o enrutador que vai á antena situada no tellado e que proporciona a todo o centro a conexión de alta velocidade mediante radioenlace. Esta conexión repártese a todo o centro dende o armario principal mediante diversos *switchs* e enrutadores creando redes separadas por zonas de alumnado, profesorado e administración. Tamén está o *switch* para dar servizo a EDIXGAL.

Neste mesmo espazo hai tamén dous servidores que proporcionan diversos servizos de rede ao centro. O servidor ABALAR permite a clonación de equipos e o acceso ao repositorio local actualizado de contidos educativos. Tamén proporciona actualizacións aos equipos. O segundo servidor é un servidor propio que proporciona carpetas compartidas en rede e impresoras, ferramentas de análise de rede para xestión de incidencias de seguridade, carpeta de recollida de documentos dixitalizados nas fotocopiadoras, etc.

O sistema de telefonía do centro tamén é dixital (VoIP) e emprega o enrutador de conexión do armario principal.

Obxectivos xerais.

De forma xeral preténdese unha adecuada integración das TIC no centro que implique a toda a comunidade educativa, facilite a práctica do ensino e mellore a competencia dixital de alumnado e profesorado.

Obxectivos de cara ao centro.

- Revisar, atender e comunicar cando sexa necesario as incidencias relativas a problemas de infraestrutura.
- Mellorar no posible, ou solicitar a mellora se procede de elementos da infraestrutura.
- Atender, resolver ou comunicar á UAC as incidencias relativas aos equipos informáticos do centro.
- Atender e resolver as incidencias do material propio do centro e se fose necesario substituír os elementos ou partes necesarias. (Proxectores, altofalantes, cámaras, e outros materiais.)
- Establecer, cando sexa necesario, protocolos de uso do material e dos equipamentos.
- Empregar un parte de incidencias TIC para a mellor xestión das mesmas.
- Realizar actualizacións de equipos informáticos, sistema operativo e aplicacións, periodicamente. Nos equipos windows manter as actualizacións automáticas activas para evitar problemas de seguridade.
- Atender, dar reposta e comunicar as posibles incidencias de seguridade.

- Mellorar a presenza web do centro e a difusión de información, proxectos e actividades de interese para a comunidade.

Obxectivos de cara ao alumnado.

- Empregar aplicacións e recursos TIC que melloren e faciliten o aprendizaxe.
- Usar ferramentas e aplicacións TIC que aumenten a motivación, o interese, a autonomía e a participación.
- Mellorar a competencia TIC do alumnado.
- Amosar as posibilidades profesionais que poden ter as TIC de cara a estudos e saídas profesionais posteriores, incidindo especialmente nas alumnas.
- Mellorar a responsabilidade do alumnado de cara ao coidado dos equipos e materiais.
- Concienciar do uso responsable e respectuoso das TIC e dos problemas relativos á seguridade e privacidade.
- Concienciar sobre o adecuado uso das redes sociais e dos perigos asociados pola difusión de comentarios, imaxes, etc e por posibles casos de acoso e as súas consecuencias legais.
- Promover o respecto ás licencias e o copyright e potenciar o uso de aplicacións e recursos con licenzas libres.

Obxectivos de cara ao profesorado.

- Integrar as TIC no currículo e na actividade docente.
- Empregar as TIC de forma efectiva e competente como unha ferramenta máis dentro do proceso educativo de cara a mellorar a práctica docente.
- Fomentar mediante o uso das TIC o traballo cooperativo e participativo dentro da aula.
- Elaborar estratexias para guiar e apoiar ao alumnado na procura e na elaboración de información como apoio ao aprendizaxe.
- Asesorar e apoiar ao profesorado no uso das TIC cando o demanden ou sexa considerado necesario.
- Xestionar e realizar as actividades de formación que propoña o profesorado ou que sexan propostas pola administración educativa.
- Concienciar dos problemas relativos á seguridade e privacidade das TIC de cara ao traballo co alumnado.
- Promover o respecto ás licencias e o copyright na elaboración e difusión de materiais e potenciar o uso de aplicacións e recursos con licenzas libres.

Obxectivos de cara á comunidade escolar e as familias.

- Divulgar e informar sobre as actividades e integración das TIC no centro e das implicacións e obrigas que implican.

- Realizar reunións informativas sobre proxectos TIC nos que participa o centro ou sobre outros aspectos de interese relacionados coas TIC no inicio de curso ou cando se considere oportuno.
- Empregar canles de comunicación sinxelos e eficaces e promover o seu uso. (ABALAR-Móbil)
- Proporcionar ás familias contas de correo para uso educativo e asesorar sobre o seu uso.
- Concienciar e asesorar dos riscos de seguridade e privacidade asociados ás TIC.
- Fomentar a participación da comunidade educativa e implicar ás familias no uso das TIC como medio de información e comunicación co centro e o profesorado.

Propostas de mellora xerais.

Partindo da situación actual, propoñemos as seguintes actuacións:

- Solicitar da administración unha mellora na telefonía VoIP para que o centro teña comunicación ante faltas de subministro eléctrico que tamén deixa sen posibilidade de comunicación a alarma.
- Solicitar a mellora do armario principal da rede instalando *switchs* xestionables, a ordeación do cableado e un SAE que aguante de todo o sistema.
- Mellorar a instalación do cableado multimedia e de rede das aulas e doutras dependencias do centro.
- Implantar algún sistema de xestión de parque informático empregando programas libres para mellorar o inventariado do material. ([GPLI](#) – [ocsinventory](#)).
- Rematar a implantación do sistema linux Live ABALAR proporcionado polos servizos da Xunta de Galiza.
- Promover o uso do AbalarMóbil como forma de comunicación coas familias de cara a vindeiros cursos.
- Propoñer á administración a cobertura dun seguro para as incidencias con equipamento EDIXGAL do alumnado ou, no seu defecto, ver a posibilidade de artellar un fondo común de participación voluntaria para as familias que o desexen implicando para elo á ANPA.
- Solicitar da administración ou ver a posibilidade de proporcionar algún programa para filtros de contidos pouco apropiados no uso dos equipos en xeral e tamén de control de tempo de uso para os equipos EDIXGAL.
- Realizar sesións de formación no centro sobre as TIC para actualizar e mellorar a competencia do profesorado nos temas que sexan demandados ou que se consideren necesarios. (AbalarMóbil, procura e almacenamento de información, competencia do alumnado, protocolos, protección de datos, seguridade e privacidade, aplicacións informáticas, *chuleta* TIC, web do centro, etc).


- Mellorar a difusión e a información dos proxectos e actividades coas TIC no centro empregando a páxina web, realizando folletos informativos e facendo reunións informativas cando sexa necesario.

Mellora da competencia TIC do alumnado.

Para que o alumnado sexa competente e responsable no uso das TIC tanto na realización de tarefas escolares como, en xeral, no estudo; e para que poidan afrontar outros estudos posteriores ou os requirimentos básicos que poidan necesitar ao inicio da súa vida laboral é necesario establecer uns **elementos básicos** e **criterios comúns** de traballo na aula no relativo á utilización de equipos informáticos, de aplicacións e de procura de información na rede.


Sesión TIC de tutoría ao inicio de curso.

Ao inicio de cada curso escolar e **nos primeiros quince días nunha sesión de tutoría** o alumnado que dispoña de ordenador portátil creará un cartafol no \$HOME do **usuario** chamado **Curso1819** ou segundo corresponda. Dentro desta carpeta creará outras para cada materia coa finalidade de gardar traballos, documentos etc.



Carpeta de curso e de distintas materias

Poderá explicarse de forma breve que existen diferentes tipos de arquivos que podemos gardar nas carpetas e amosar e explicar os máis comúns. Para elo poderase proporcionar un cartafol con diferentes ficheiros para que o alumnado poida recoñcelos e abrilos con diferentes aplicacións. Este traballo de recoñecer arquivos básicos poderá ser reforzado e ampliado posteriormente noutras clases e no traballo realizado ao longo do curso.



Diferentes tipos de ficheiros


Nesta mesma sesión TIC de tutoría farase tamén un listado daquel alumnado que non teña unha conta de correo escolar do centro con dominio *cpisansadurnino.org* ou que teña dificultades de acceso por problemas co nome de usuario ou contrasinal. Este listado con nomes e apeli-

dos do alumnado será entregado ao coordinador TIC do centro para que poida habilitar as contas necesarias e mandar as comunicacións e autorizacións ás familias se fose necesario.

Tamén se explicará ao alumnado a utilización básica do correo electrónico no relativo a:

- **Destinatario** ou destinatarios.
- **Asunto**: É necesario especificar neste campo de forma breve e descritiva o motivo polo que se manda a mensaxe.
- **Corpo**: Texto completo da mensaxe que pode incluír ligazóns se fose necesario.
- **Adxuntos**: Como enviar distintos documentos acompañando a mensaxe.

Se fose necesario realizárase unha reunión ao inicio de curso para preparar esta sesión de tutoría na que se facilitará ademais un listado cos enderezos de correo electrónico do dominio cpisansadurnino.org do profesorado de cada curso para facilitarllo ao alumnado.



Uso básico do correo electrónico

Obradoiros TIC iniciais para o profesorado.

Coa finalizade de buscar estratexias e protocolos para o traballo coas TIC na aula poderanse organizar a inicio de curso ou cando o demande o profesorado obradoiros de traballo que permitan poñer en común propostas e concretar accións para a mellora da competencia do alumnado. Algúns dos temas prioritarios serían:

- Manexo do correo electrónico educativo.
- Criterios e protocolo de busca, almacenamento e tratamento da información.
- Manexo básico de cartafóles e arquivos.
- Tipos de arquivos e formatos básicos.
- Pautas para a creación de documentos e traballos polo alumnado e a súa difusión por correo electrónico ou empregando algún sistema de almacenamento en rede.

- Edición básica de imaxes, vídeo e son como complemento para a creación de documentos e presentacións ou como creacións gráficas e multimedia.
- Uso seguro e responsable das TIC.

Manexo de arquivos e cartafóles.

- Organizar e manexar cartafóles e ficheiros
- Recoñecer pola extensión os tipos máis comúns de ficheiros (texto plano, oficina e presentacións, imaxes, multimedia, etc).
- Cortar, copiar, pegar, renomear e eliminar arquivos e cartafóles.
- Gardar , exportar e converter documentos en diferentes formatos.
- Comprimir e descomprimir ficheiros en diferentes formatos (zip, 7z, gz, etc).

Creación de documentos e tratamento da información.

- Coñecer e empregar as funcións básicas do editor de textos.
- Estrutura dun documento: Título, seccións, subseccións, cabeceira e pe, marxes, columnas, índice...
- Formato e estilos básicos, tamaños, tipos, cores...
- Manexo, importación de imaxes e aliñación das mesmas.
- Creación e formato de táboas sinxelas.
- Coñecer, gardar e exportar os documentos en diferentes formatos (odt, docx, pdf).
- Empregar diferentes buscadores e outras fontes de contidos na rede e coñecer as diferentes posibilidades de busca para realizar unha procura selectiva cun criterio básico de contraste e cualidade da información.
- Seleccionar, analizar e contrastar a información con autonomía e espírito crítico na procura da veracidade e calidade da mesma en base a uns criterios establecidos.
- Sintetizar e crear documentos de elaboración propia partindo de diferentes fontes de información.
- Almacenar e xestionar adecuadamente distintas fontes de información.

Traballo e aplicacións en rede.

- Coñecer e empregar aplicacións para o traballo na rede.
- Empregar correctamente o correo electrónico: Asunto, mensaxe, múltiples destinatarios, adxuntos...
- Coñecer e empregar outras ferramentas de almacenamento e edición el liña.
- Empregar sistemas de traballo colaborativo en rede.

- Intercambiar información e empregar sistemas de comunicación segura.

Multimedia: (Imaxe, son, vídeo).

- Coñecer e empregar as funcións básicas dos programas de edición multimedia.
- Edición básica de imaxes (GIMP, Inkscape): Escalado, retoque, exportación a diferentes formatos, imaxe vectorial.
- Edición básica de son (Audacity) e exportación a diferentes formatos.
- Edición básica de vídeo (OpenShot ou Kdenlive) e exportación a diferentes formatos.
- Integrar contidos gráficos ou audiovisuais en diferentes tipos de documentos.
- Realizar producións gráficas e audiovisuais sinxelas.

Uso seguro e responsable das TIC.

- Ser conscientes e responsables no uso das TIC. Coñecer os riscos e perigos asociados ás malas prácticas e evitalos.
- Seguridade física dos dispositivos e formas de aseguralos.
- Riscos asociados ao uso das redes sociais e internet en xeral. (ciberacoso, etc.).
- Perigos de seguridade das TIC (virus e malware, spam, phishing).
- Netiqueta e privacidade. (Pegada dixital).
- Dereitos de autor e licenzas libres.

Avaliación e revisión do plan.

Ao remate do curso académico realizarase unha memoria final na que se contemplarán as actuacións realizadas, os aspectos positivos e negativos, as carencias e as actuacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

Para elo, farase un seguimento como mínimo trimestral incluído nas CCP ou nun claustro no que se analizarán as actuacións realizadas, o grao de cumprimento das mesmas e avaliaranse de cara a modificar ou manter aquelas que se considere oportuno en función dos resultados acadados.

Para a avaliación e revisión do plan poderanse usar os seguintes instrumentos:

- Actas de reunións das CCP e dos claustros.
- Enquisas ao alumnado, profesorado, ás familias e ao persoal non docente.
- Entrevistas co profesorado e o persoal non docente.
- Observación directa.

Os indicadores a ter en conta serán:

- Nivel de participación da comunidade educativa.
- Grao de integración das TIC na actividade docente.
- Nivel de satisfacción no uso das TIC no profesorado.
- Frecuencia de uso de recursos e materiais TIC.
- Nivel de mellora da competencia do alumnado.
- Grao de cumprimento nas actuacións e obxectivos acadados.
- Número de incidencias e tempos na actuación para resolvelas.

Integración curricular e achegas de infantil

O obxectivo deste plan é identificar as competencias clave nas TIC, necesarias para a etapa do segundo ciclo de Educación Infantil do CPI san sadurniño.

Entendemos que a principal forma de desenvolver a tecnoloxía da información e comunicación (TIC), ten que capacitar aos nosos alumnos e alumnas non só para manexarse no ámbito das novas tecnoloxías senon tamén para fortalecer moitos aspectos do seu propio desenvolvemento. Así os mestres e mestras tamén faran uso das TICs como ferramenta que apoie moitos aspectos da práctica docente.

A principal forma de desenvolver a tecnoloxía da información e comunicación (TIC) que se pretende dende o noso CPI e afrontar a posta en marcha delas atendendo a tres facetas claves que son:

- Aprender sobre as TIC.
- Aprender coas TIC.
- Aprender a través das TIC.

O xogo é unha parte central da aprendizaxe neste escenario. Para as tres facetas anteriores e imprescindible dispoñer de recursos lúdicos que se axusten ás características de cada nivel.

Para abordar mellor o deseño das estratexia para elaborar ou usar recursos que desenvolvan dun xeito apropiado as tres facetas anteriores, elabórase o seguinte cadro cos obxectivos básicos que intentamos que os nosos alumnos e alumnas do segundo ciclo de Educación Infantil deberían ter acadado ao rematar esta etapa e antes de pasar á Educación Primaria.

Coñecementos de sistemas informáticos	4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
• Realizar Correctamente a posta en marcha da computadora.	X	X	X
• Realizar Correctamente o apagado da computadora.		X	X
• Coñecer e usar de forma básica as partes esenciais para o manexo do hardware: pantalla, rato e teclado.			X
• Coñecer e usar de forma básica algún periféricos para interactuar co hardware: micrófono, e			X

altosfalantes, impresora, visor (lector de documentos)...			
• Empregar soportes de datos (CD, DVD, USB, etc.) para abrir ou gardar documentos e información.			
• Recoñecer as distintas partes do computador e os seus periféricos e asocíalos coa súa función.			
Uso básico do sistema operativo	4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
• Coñecer a terminoloxía básica do sistema operativo: arquivo, cartafol, iconas, programas,...		X	X
• Iniciar o uso de programas sinxelos empregando accesos directos.	X	X	X
• Empregar programas sinxelos (Edilim...etc).	X	X	X
• Gardar e recuperar datos e documentos no escritorio ou nalgún cartafol.			
• Gardar e recuperar datos de forma ordenada en cartafol ou en dispositivos externos.			
Procesador de textos	4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
• Escribir texto nun procesador de textos coa axuda do profesorado			X
• Empregar formatos básicos de texto: Tipos, tamaños, cores, negrita, cursiva e subliñado...			X
• Coñecer o uso do teclado para poñer os diferentes caracteres.			X
Tratamento da imaxe /Uso da pantalla dixital e a tablet	4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
• Usar algún programa de tratamento da imaxe para facer/colorear debuxos sinxelos coa axuda do profesorado.	X	X	X
Ler e aprendizaxe	4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
• Controlar o tempo adicado ao lecer coas TICs e coñecer os problemas dun uso excesivo para facer un uso responsable das mesmas.	X	X	X
• Valorar o seu uso para a busca de información.	X	X	X
Actitudes ante as TIC			
• Desenvolver unha actitude aberta e crítica ante as novas tecnoloxías: contidos, lecer, ...	X	X	X
• Manter unha boa predisposición ante a aprendizaxe continua.	X	X	X
• Gozar do uso responsable das TICs.	X	X	X

Integración curricular e achegas de primaria

1º Primaria

1ºP Ciencias da Natureza		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	• CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	
• B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	• CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.	

1ºP Ciencias da Natureza		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	• CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	
•	• CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	

1ºP - Ciencias sociais		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	• CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	
• B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC	• CSB2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	
• B2.4.Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	• CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	

1ºP - Lingua Galega		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	• LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	
• B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	• LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	
• B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	• LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	
• B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	• LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	
• B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	• LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	
• B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	• LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	
•	• LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar	

1ºP - Lingua Galega		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
	progresivamente á expresividade lectora.	

1ºP - Lingua Castelá		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	• LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: • -diálogos • -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpre, de tecnoloxías da información e a comunicación.	
• B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	• LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	
• B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación.	• LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	
• B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	• LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	

1ºP - Matemáticas		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	• MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	

1ºP - Educación Física		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	• EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	

1ºP - Música		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	• EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	
• B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	• EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais	

2º Primaria

2ºP - Ciencias da Natureza		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	• CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso	
•	• CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	

2ºP - Ciencias sociais		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	• CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	
• B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	• CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	
• B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.	• CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	

2ºP - Lingua Galega		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	
B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.	
B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	
B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	
B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	
	LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	

2ºP - Lingua Castelá		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	• LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: • - diálogos • -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpre, das tecnoloxías da información e da comunicación.	
• B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	• LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	
•	• LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	
• B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	• LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	
• B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	• LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	
• B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	• LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	
• B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	• LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	
• B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.	• LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.	
B1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	
B1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	
	CSB1.2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	
B1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro	CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	

6ºP - Ciencias sociais		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
dun equipo.		

6ºP - Lingua Galega		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	• LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	
	• LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.	
• B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	• LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.	
• B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobre sentidos.	• LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	
• B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	• LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	
	• LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.	
	• LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	
• B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	• LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.	
• B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	• LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...	
• B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	• LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.	
	• LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.	
	• LGB3.5.3. Utiliza correctores de textos.	
	• LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións.	
• B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.	• LGB3.6.1. Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.	
• B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	• LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	
• B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre	• LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción pre-	

6ºP - Lingua Galega		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
as palabras que conforman a lingua.	cisa segundo cada contexto.	
B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	
	LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	

6ºP - Lingua Castelá		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	- LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - Debates e diálogos. - Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.	
B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.	
B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.	
B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo	
B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.	
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes,	
B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.2.4. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais.	
B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre	

6ºP - Lingua Castelá		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
	problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.	
•	• LCB3.4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.	
• B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	• LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.	
• B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	• LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	

6ºP - Matemáticas		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	• MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	
• B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	• MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.	
• B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	• MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.	
• B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	• MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.	

6ºP - Inglés		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	• PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	

6ºP - Inglés		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	
	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	
	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	

6ºP – Valores sociais e cívicos		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	SCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.	
B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos.	VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.	
B3.14. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.	VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.	
B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	
B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.	VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.	
	VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.	

6ºP - Educación Física		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e lim-	

6ºP - Educación Física		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
como recurso de apoio á área.	peza, e utilizando programas de presentación.	

6ºP - Plástica		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	• PB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	
• B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	• EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	
	• EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.	
• B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	• EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	
	• EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	
	• EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	

6ºP - Música		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	• EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	
	• EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	
	• EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	

Coñecementos de sistemas informáticos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Realizar Correctamente a posta en marcha da computadora.	X	X	X	X	X	X
• Realizar Correctamente o apagado da computadora.	X	X	X	X	X	X
• Coñecer e usar de forma básica as partes esenciais para o manexo do hardware: pantalla, rato e teclado.	X	X	X	X	X	X
• Coñecer e usar de forma básica algún periféricos para interactuar co					X	X

hardware: micrófono, e altosfalantes, impresora, visor (lector de documentos)...						
• Empregar soportes de datos (CD, DVD, USB, etc.) para abrir ou gardar documentos e información.				X	X	X
• Recoñecer as distintas partes do computador e os seus periféricos e asocialos coa súa función.				X	X	X
Uso básico do sistema operativo	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Coñecer a terminoloxía básica do sistema operativo: iconas, programas,...	X	X	X	X	X	X
• Iniciar e empregar programas sinxelos empregando accesos directos.	X	X	X	X	X	X
• Iniciar programas accedendo dende o menú de aplicacións.			X	X	X	X
• Gardar e recuperar datos e documentos no escritorio ou nalgún cartafol.	X	X	X	X	X	X
• Gardar e recuperar datos de forma ordenada en cartafol ou en dispositivos externos.				X	X	X
• Administrador de ficheiros: organizar de forma axeitada a información.					X	X
• Administrador de ficheiros: manexar de forma básica as seguintes opcións: copiar, cortar e pegar, tipos de visualizacións.					X	X
• Coñecer e empregar os formatos básicos de arquivos para crear documentos: • De texto: odt, doc, docx. • De imaxe: pdf, jpg, bmp. • De son: wav, mp3. • De vídeo: avi, mpg, mp4, flv.					X	X
• Exportar e converter formatos básicos de ficheiros de forma adecuada para usalos en distintos programas mediante o menú "gardar como".					X	X
• Coñecer de forma básica o sistema operativo (Minino PicarOS) dos equipos da aula de informática.	X	X	X	X	X	X
• Coñecer de forma básica o sistema operativo dos equipos Abalar/EDIXGAL.					X	X
Procesador de textos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Escribir texto nun procesador de textos coa axuda do profesorado	X	X	X	X	X	X
• Empregar formatos básicos de texto: Tipos, tamaños, cores, negriña, cursiva e subliñado...			X	X	X	X
• Usar as funcións básicas: redactar, gardar e imprimir.	X	X	X	X	X	X
• Usar: Formatos de parágrafo, marxes e sangrías, listas, inserir imaxes, inserir ligazóns.					X	X
• Configurar o idioma e formato do documento e as ferramentas de corrección.					X	X
• Coñecer o uso do teclado para poñer os diferentes caracteres.	X	X	X	X	X	X
• Coñecer diferentes programas de procesamento de textos.					X	X
• Coñecer e empregar os diferentes formatos de ficheiro: odt, doc, docx, txt, pdf.					X	X

Comunicación interpersonal e traballo en rede	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Empregar o correo electrónico para enviar e recibir mensaxes.					X	X
• Manexar e organizar o caderno de enderezos.					X	X
• Achegar e descargar documentos das mensaxes de correo-e.					X	X
• Usar ferramentas de traballo colaborativo: Google Docs					X	X
• Usar ferramentas de almacenaxe na nube que permitan o intercambio de documentos: Google Drive.					X	X
• Coñecer e usar con responsabilidade as normas de comportamento na rede (netiqueta).					X	X
• Coñecer e usar as aplicacións en rede de forma que quede preservada a privacidade propia e allea procurando deixar a pegada dixital imprescindible.					X	X
Tratamento da imaxe	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Usar algún programa de tratamento da imaxe para facer/colorear debuxos sinxelos coa axuda do profesorado.	X	X	X	X	X	X
• Usar as funcións básicas do editor gráfico: debuxar e facer gráficos sinxelos, gardar e imprimir.	X	X	X	X	X	X
• Empregar funcións de retoque fotográfico para: • Mellorar e modificar imaxes. • Facer fotomontaxes sinxelas. • Escalar unha imaxe. • Recortar unha imaxe.					X	X
• Gardar e exportar imaxes en diferentes formatos e tamaños para que sexan adecuadas para unha finalidade concreta.					X	X
Folla de cálculo	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Coñecer os elementos básicos da folla de cálculo: filas, columnas, celas e fórmulas.					X	X
• Empregar fórmulas básicas.					X	X
• Crear gráficas.					X	X
Bases de datos						
• Saber que son e para que serven as bases dedatos.					X	X
• Consultar bases de datos.					X	X
Presentacións	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Elaborar presentacións sinxelas inserindo imaxes.			X	X	X	X
• Elaborar presentacións máis complexas inserindo: ligazóns, vídeos.					X	X
• Elaborar presentacións con efectos e transicións.					X	X
Lecer e aprendizaxe	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Controlar o tempo adicado ao lecer coas TIC e coñecer os problemas dun uso excesivo para facer un uso responsable das mesmas.	X	X	X	X	X	X
• Coñecer e seleccionar diferentes fontes de información e aprendizaxe existentes na rede: bibliotecas, cursos e materiais educativos, aulas virtuais, prensa, ...			X	X	X	X

• Empregar a información e axuda dos programas e de tutoriais en internet.				X	X	X
• Coñecer e usar programas e recursos con licenzas libres	X	X	X	X	X	X
Telexestións	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Coñecer as precaucións que se deben seguir ao dar e recibir información na rede.					X	X
• Coñecer a existencia de sistemas de protección para as telexestións: conexión segura, encriptación.					X	X
Actitudes ante as TIC	1º	2º	3º	4º	5º	6º
• Desenvolver unha actitude aberta e crítica ante as novas tecnoloxías: contidos, lecer, ...	X	X	X	X	X	X
• Predisposición ante á aprendizaxe continua e á actualización permanente.	X	X	X	X	X	X
• Evitar o acceso á información conflictiva e/ou ilegal.				X	X	X
• Actuar con prudencia ante as novas tecnoloxías: procedencia das mensaxes, arquivos críticos, páxinas falsas, ...					X	X

Achegas dos departamentos de secundaria.

As materias de *Programación* de 1º e 2º da ESO e *TIC de 4º de ESO*, ao estar directamente relacionadas coa competencia dixital e por traballar contidos propios da mesma en todo o seu currículo, enténdese que forman parte do deseño curricular global da administración en relación coa mellora da competencia TIC no ensino. Para consulta remitimos ás respectivas programacións didácticas das materias.

Bioloxía e Xeoloxía

Curso: 1º ESO

Bioloxía e Xeoloxía			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	• B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	• BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Busca guiada de información Aplicación de criterios de calidade de fontes de información
		• BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Elaboración de documentos de texto Manexo de folia de cálculo Elaboración de presentacións

Curso: 3º ESO

Biología e Xeoloxía			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	• B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	• BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Busca guiada de información Aplicación de criterios de calidade de fontes de información
		• BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Elaboración de documentos de texto Elaboración de presentacións Compartir documentos electrónicos Envía correos electrónicos Garda a información de xeito adecuado en carpetas e na nube
• B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	• B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	• BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Elaboración de documentos de texto Elaboración de presentacións Realización de fotografías e pequenos vídeos

Curso: 4º ESO

Biología e Xeoloxía			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	• B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	• BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Busca guiada de información Aplicación de criterios de calidade de fontes de información
•	•	• BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Elaboración de documentos de texto Elaboración de presentacións Compartir documentos electrónicos Envía correos electrónicos Garda a información de xeito adecuado en carpetas e na nube
B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Elaboración de documentos de texto Manexo de folia de cálculo Elaboración de presentacións Realización de fotografías e pequenos vídeos

Educación Física

Curso: 1º ESO

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
- B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas - B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. - B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	
		EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.	Realízanse infografía con CANVAS
B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	Realízanse presentacións con Prezzi, LibreOffice ou similar.
		EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Utilizan canón de vídeo, ordenador e outros elementos tecnolóxicos
- B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. - B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable. - B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.	B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.	EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.	
		EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.	Mide a intensidade de esforzo a través de pulsómetros e bandas torácicas
		EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.	

Curso: 2º ESO

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. • B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. • B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. • B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.	• B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	• EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.	• Utilizan as TIC para facer unha busca activa sobre entidades e instalacións deportivas do contorno
		• EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	
		• EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	•
• B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. • B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. • B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	• B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	• EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	•
		• EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	• Coñecen os protocolos de utilización dun DESA (desfibrilador semiautomático)
		• EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	•
• B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. • B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.	• B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	• EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	• Realízanse presentacións con Prezzi, LibreOffice ou similar.
		• EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre te-	• Utilizan canón de vídeo, ordenador e outros elementos tecnoloxía

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
		mas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	lóricos
• B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. • B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. • B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. • B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca. • B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. • B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.	• B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	• EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	
		• EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	
		• EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	
		• EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	
		• EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	• Mide a intensidade de esforzo a través de pulsómetros e bandas torácicas
		• EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	

Curso: 3º ESO

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. • B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. • B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. • B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.	• B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	• EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas.	• Realiza buscas activas de espazos e entidades deportivas con buscadores web
		• EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóra como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	
		• EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	
• B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. • B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. • B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	• B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	• EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	
		• EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	• Desenvolven habelencias en RCP con adestradores dixitais e bonecos multimedia
		• EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	
• B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. • B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.	• B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	• EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	• Utilizan programas de edición de contidos: CANVAS, PREZI, LIBRE-OFFICE, ETC

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
		• EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	• Utiliza con solvencia equipos multimedia (son e vídeo)
• B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. • B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo. • B2.3. Realización de bailes e danzas de carácter recreativo e popular.	• B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	• EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	
		• EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.	
		• EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	• Utiliza Audacity para editar músicas adaptadas ás coreografías
		• EFB2.1.4. Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos.	
• B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. • B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. • B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. • B3.4. Adestramento: intensidade, volume e densidade do esforzo, e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía. • B3.5. Control da frecuencia cardíaca cara á mellora dos factores da condición física. • B3.6. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. • B3.7. Elaboración e posta en práctica dun programa básico para a mellora da condición física saudable.	• B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	• EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	
		• EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de ener-	

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
		xía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.	
		• EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.	
		• EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física.	• Utiliza ferramentas de medición da condición física e analiza con ferramentas dixitais os datos obtidos (Excel, etc)
		• EFB3.1.5. Aplica de forma autónoma procedementos para auto-avaliar os factores da condición física.	
		• EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	

Curso: 4º ESO

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións.	• B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.	• EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.	
		• EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	
		• EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.	• Utiliza editores de contidos para organizar ligas e competicións internas
		• EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	• Desenvolven habelencias en RCP con adestradores dixitais e bonecos multimedia

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacións coa saúde.	B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	
		EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para aprofundar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	Utilizan programas de edición de contidos: CANVAS, PREZI, LIBRE-OFFICE, ETC
		EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	Utiliza con solvencia equipos multimedia (son e vídeo)
B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade.	B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.	EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	
		EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	
		EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	Utiliza a aplicación deseñada en http://tice-eps.roudneff.com/acrosport.html para o deseño de montaxes de Acrosport
- B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a melloralas. - B3.6. Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde. - B3.7. Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. - B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde.	B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	
		EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	

Educación Física			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
		• EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	
		• EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	• Utiliza ferramentas de medición da condición física e analiza con ferramentas dixitais os datos obtidos (Excel, etc)
• B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural. • B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural. • B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.	• B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	• EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	
		• EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.	
		• EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	• Deseñan percorridos utilizando Senderators, Runtastic ou similar (Apps de smartphone)

Educación Plástica Visual e Audiovisual

Curso: 1º ESO

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.7.Composición: elementos. • B1.8. O ritmo na composición.	• B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	• EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	• Poden realizarse empregando o programa Inkscape
• B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	• B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	• EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	• Poden realizarse empregando o programa Inkscape
• B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	• Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	• EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	• Poden realizarse empregando o programa Inkscape
• B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	• B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos adecuadamente.	• EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	• Poden realizarse historias animadas empregando o programa Tupi

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	• B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	• EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	Poden realizarse empregando o programa LibreCAD
• B3.14. Construción de triángulos.	• B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	• EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	Poden realizarse empregando o programa LibreCAD
• B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	• B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	• EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	Poden realizarse empregando o programa LibreCAD

Curso: 3º ESO

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. • B1.6. Temperatura da cor. • B1.7. Simbolismo da cor.	• B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	• EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	Poden empregarse o programa GIMP
• B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	• B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	• EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	Poden empregarse os programas Tupi e Pencil2D
• B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	• B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	• EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Poden empregarse os programas GIMP, Krita ou Darktable para retoque, recorte e encadrado.
• B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	• B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	• EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Poden empregarse os programas Openshot ou Kdenlive
• B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	• B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	• EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	Poden empregarse os programas Openshot ou Kdenlive
• B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	• B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	• EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	Pode empregarse o programa LibreCAD
• B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular.	• B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións apli-	• EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e si-	Pode empregarse o programa Inkscape

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	cándoos ao deseño de composicións con módulos.	metrías de módulos.	

Curso: 4º ESO

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	• B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	• EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	Poden empregarse os programas Inkscape e GIMP
• B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. • B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. • B2.9. Perspectiva cónica central. • B2.10. Perspectiva cónica oblicua.	• B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	• EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Poden empregarse os programas FreeCAD, Blender e OpenSCAD
• B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	• B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	• EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Poden empregarse os programas Inkscape, LibreCAD, FreeCAD, Blender ou OpenSCAD
• B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. • B3.7. Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. • B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. • B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. • B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	• B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	• EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	Poden empregarse os programas GIMP, Inkscape, LibreCAD, FreeCAD, Blender ou OpenSCAD
• B4.6. Creación dixital de imaxes. • B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. • B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	• B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas	• EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. • EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os ele-	Poden empregarse os programas GIMP, Inkscape,

Educación Plástica Visual e Audiovisual			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
	linguaxes.	mentos da linguaxe gráfico-plástica.	

Física e Química

Curso: 2º ESO

Física e Química			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
- B1.6. Procura e tratamento de información. - B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. .	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	Permite o uso de internet en diferentes tipos de terminais: ordenadores, tablets, smartphones... así como o uso de procesadores de texto, programas de presentacións para elaborar traballos...
- B1.1. Método científico: etapas. - B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. - B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. - B1.5. Traballo no laboratorio. - B1.6. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	Permite o uso de internet en diferentes tipos de terminais: ordenadores, tablets, smartphones... así como o uso de procesadores de texto, programas de presentacións para elaborar traballos...
B4.3. Velocidade media.	B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	Permite manexo de aparellos de medición de tempos, reais ou virtuais e sistemas electrónicos de tratamento de datos.
- B4.1. Forzas: efectos. - B4.8. Forza gravitatoria.	B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	Investigación na rede

Curso: 3º ESO

Física e Química			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
- B1.7. Procura e tratamento de información. - B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	Permite o uso de internet en diferentes tipos de terminais: ordenadores, tablets, smartphones... así como o uso de procesadores de texto, programas de presentacións para elaborar traballos...
B1.1. Método científico: etapas.	B1.6. Desenvolver pequenos	FQB1.6.1. Realiza pequenos	Permite o uso de internet en

Física e Química			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
- B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. - B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. - B1.5. Erros. - B1.6. Traballo no laboratorio. - B1.8. Proxecto de investigación.	traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	diferentes tipos de terminais: ordenadores, tablets, smartphones... así como o uso de procesadores de texto, programas de presentacións para elaborar traballos...
- B2.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas. - B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.		FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	Permite o uso dalgúns programa de representación tridimensional de moléculas como AVOGADRO
- B4.4. Electroimán. - B4.5. Experimentos de Oersted e Faraday.	B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	Uso de dispositivos e programas de electrónica
- B4.6. Forzas da natureza. - B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.		FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	Investigación na rede
- B5.4. Transformacións da enerxía. - B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuitos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	Uso de programas de simulación electrónica

Curso: 4º ESO

Física e Química			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.1. Investigación científica.	B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.	FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	Análise de textos científicos en diferentes soportes
B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo	B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando	FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre	Investigación na rede

Física e Química			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
científico. • B1.8. Proxecto de investigación.	as TIC.	un tema de interese científico, empregando as TIC.	
• B1.1. Investigación científica.	• B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	• FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	Investigación na rede
• B1.1. Investigación científica.	• B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	• FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	Investigación na rede
• B2.1. Modelos atómicos.	• B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	• FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.	Uso de programas de modelización molecular
• B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	• B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.	• FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.	Laboratorios virtuais
• B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	• B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	• FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	Uso de applets informáticos
• B4.7. Principios da hidrostática. • B4.8. Física da atmosfera.	• B4.14. Deseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.	• FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	Posibilidade de uso de consolas virtuais
• B5.3. Traballo e potencia. • B5.5. Máquinas térmicas.	• B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.	• FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	Investigación na rede
• B5.5. Máquinas térmicas.	• B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.	• FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	Uso de applets informáticos

Latín

Curso: 4º ESO

Latín			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.1. Marco xeográfico da lingua.	• B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	• LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica	
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas familias lingüísticas.	• B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	
• B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. familias lingüísticas	• B1.3. Agrupar as linguas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	• LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	
• B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	• B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasifícalas e localizalas nun mapa.	• LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan	
• B2.2. Orixes do alfabeto latino.	• B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	• LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan	
• B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. .	• B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente	• LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícalos segundo a súa categoría e a súa declinación	
• B5.1. Períodos da historia de Roma.	• B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	• LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras • LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	

Latín			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B5.4. Mitoloxía e relixión..	• B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	• LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes	

Lingua castelá e literatura

Curso: 1º ESO

Castelá			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	• B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	• LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	
• B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	• B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	• LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	
		• LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	
		• LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	
• B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. • B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.	• B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	• LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	
• B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.	• B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.	• LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	

Curso: 2º ESO

Castelá			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	• B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.	• LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	
• B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	• B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	• LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. • LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	
• B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. • B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.	• B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	• LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	

Curso: 3º ESO

Castelá			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	• B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	• LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	
• B2.4. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	• B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	• LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	
• B2.8. Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como xeito de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións.	• B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	• LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou	

Castelá			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
		escribindo e dando a coñecer os seus propios	
• B4.4. Consulta e utilización de fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.	• B4.7. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	• LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	

Curso: 4º ESO

Castelá			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
• B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. Diálogo.	• B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	• LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	
• B1.6. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público e dos instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.	• B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	• LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	
• B2.5. Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información.	• B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	• LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	
• B2.9. Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional.	• B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	• LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	
• B3.5. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre a normativa e o uso non normativo das palabras, e interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas,	• B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.	• LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	

Castelá			
registro e uso).			
B4.4. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas.	B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	

Lingua francesa

Curso: 1º ESO

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito	Acudir a páxina de periódicos dixitais. Uso do dicionario dixital
B4.1. Estratexias de produción.	- B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. - B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	- SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. - SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	Particularidades dos correos electrónicos
B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnolo-	B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	Elaboración de diálogos varios e traballos

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
xías da información e da comunicación.			

Curso: 2º ESO

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito	B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	Acudir a páxina de periódicos dixitais. Uso do dicionario dixital
B4.1. Estratexias de produción.	- B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. - B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	- SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. - SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	Particularidades dos correos electrónicos
- B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como	- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. - B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	Elaboración de diálogos varios e traballos

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
persoa plurilingüe.			

Curso: 3º ESO

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.	B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.	Particularidades dos correos electrónicos
- B3.1. Estratexias de comprensión:	- B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade. - B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	Acudir a páxina de periódicos dixitais. Uso do dicionario dixital
B4.1. Estratexias de produción:	B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.	Particularidades dos correos electrónicos
- B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. - B5.5. Participar en proxectos	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos	Elaboración de diálogos varios e traballos

Francés			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	(elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	

Lingua galega e literatura

Curso: 1º ESO

Galego			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Observacións
B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	Utilización de correctores de texto.
B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	Utiliza procesadores de texto. Coñece as posibilidades que ofrece o software libre a este respecto.
B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	
B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descriptivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	Utiliza procesadores de texto. Coñece as posibilidades que ofrece o software libre a este respecto.
B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.	B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	- LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. - LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	Utiliza procesadores de texto. Coñece as posibilidades que ofrece o software libre a este respecto.
